



## FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR - CURSO ESCOLAR 2024/2025.

- **Ensinanzas e cursos aos que afecta:**
- **Fondo solidario de libros de texto:** alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria, e en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.
- **Axudas para adquirir libros de texto:** alumnado matriculado en 1º e 2º de Ed. Primaria e en educación especial (EE), así como alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65% ou con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria.
- **Axudas para adquirir material escolar:** alumnado matriculado en Educación Primaria, ESO e EE.
- **Normativa:** Orde do 7 de maio de 2024 (DOG núm.96, 20.05.2024).

## DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO DO CURSO 2021/2022.

- **Obriga de devolver:** O alumnado beneficiario de libros de texto ou de material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido con axudas para libros de texto, deberá devolvelo ao centro. O **prazo máximo** para **devolvelos** será **o 21 de xuño de 2024**. Está excluído desta obriga o alumnado beneficiario de axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP, e o alumnado cunha discapacidade  $\geq 65\%$  ou con NEAE, sempre que os libros e o material adquirido non se poidan reutilizar.
- **Consecuencias da falta de devolución:** A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2024/2025.

## FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

- A **solicitud** será **ÚNICA** para todos os fillos/as, e de ser o caso, tutelados, **que estean admitidos/as no mesmo centro docente** para o curso 2024/2025, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles/delas no citado curso.
- As **solicitudes (ANEXOS I e II)** poden presentarse das seguintes formas:
  - Realizar a solicitud por vía electrónica no formulario normalizado (ED330B-anexos I e II) dispoñible na **aplicación fondolibros** (<https://ww.edu.xunta.es/fondolibros>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación electrónica de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
  - **En soporte papel, no centro no que estea matriculado o alumno/a**, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Este formulario (Anexo I) tamén estará dispoñible no portal educativo, enderezo <http://www.edu.xunta.gal>, na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) e na páxina web do centro educativo [www.edu.xunta.gal/centros/ceipseixalbo](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipseixalbo)
- **O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES REMATARÁ O DÍA 21 DE XUÑO DE 2024 (ESTE INCLUÍDO).**

## DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA NECESARIA

- **Anexo II** (Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- **Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables** da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou o convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor. Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
  - Certificado ou volante de convivencia.
  - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
  - E de ser o caso:
    - **Grao de discapacidade:** Certificado acreditativo do grao de discapacidade de calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica..
    - **Violencia de xénero:** Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
    - **Incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada:** Resolución xudicial.
    - Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, **para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.**
    - Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, **no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.**
- **En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar A 31 DE DECEMBRO DE 2022, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia a un dos proxenitores e nos casos de violencia de xénero, caso en que se aplicará o disposto na lexislación específica, e nos casos de falecemento dalgunha das persoas proxenitoras.**

## RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR.

- **Renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2022 dividida entre o número de membros computables.** A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- **Computarán por dous** os membros que acrediten unha **discapacidade igual ou superior ao 33%** ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez, ou o equivalente de clases pasivas.
- Na **declaración do IRPF do exercicio fiscal 2022, sumaranse** a base impositiva xeral (**recadro 435**) e a base impositiva do aforro (**recadro 460**); cando non se presentase declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola AEAT.
- Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar. Tampouco se terán en conta os ingresos do outro proxenitor nos casos de custodia exclusiva e os do proxenitor falecido.

## MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR.

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
  - b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
  - c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
  - d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
  - e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
  - f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado, agás nos casos de custodia compartida.
- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.
-